

14. A crise da Restauración e da Quenda.

Os seguintes documentos permítennos elaborar unha composición de texto histórico sobre a quebra do sistema da quenda (1917-1923).

A quenda pacífica entra en crise a finais do s. XIX a raíz principalmente do aumento dos grupos sociais que non se sentían representados polo sistema turnista. Estes grupos, principalmente urbanos, consolídanse co desenvolvemento da industrialización e o aumento consecuente da taxa de urbanización. As clases medias urbanas abrazan o republicanismo, o movemento obreiro se consolida ao igual que o nacionalismo periférico e actuarán como opositores ao réxime oligarca. Outros elementos desestabilizadores serán o asasinato en mans dun anarquista de Cánovas en 1897 e a morte de Sagasta en 1903 provocando o fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos e, sobre todo, a crise de 1898, que sería a principal crise da rexencia de María Cristina de Habsburgo.

En 1895 comeza no Grito de Baire a insurrección de Cuba á cal se unirían máis tarde Filipinas e Puerto Rico. España respondeu cunha forte represión facendo padecer a poboación civil grandes calamidades. Aproveitando isto os medios vencellados aos intereses económicos do *trust National Fruit Company* estadounidense puxeron á poboación en contra dos españois para poder intervir no conflito e facerse coa produción de azucre cubana. En 1898 a explosión do Maine foi a escusa para que o goberno dos EE.UU. declarase a guerra a España. A guerra foi rápida e contundente, a escuadra española non podía competir fronte aos norteamericanos, o que produciu en poucos días unha rápida derrota. As negociacións de paz rematan coa sinatura do Tratado de París: España cedía Cuba, Porto Rico, Filipinas e a illa de Guam aos Estados Unidos.

A derrota cualificada como desastre do 98, causou en España un forte impacto na opinión pública, nos partidos políticos e nas clases medias. Os intelectuais desenvolveron unha reflexión crítica sobre España marcada pola desmoralización, o pesimismo e a idea de decadencia, como se pode observar nas obras de autores da Xeración do 98 como Pío Baroja e Unamuno. Os militares sentíronse frustrados e responsabilizaron do fracaso aos políticos e pecháronse progresivamente nunha actitude de defensa corporativa dos seus intereses. Prodúcese o divorcio entre o turnismo e os militares. Ademais xorde o rexeneracionismo, un movemento que abogaba pola rexeneración de España, para rematar co caciquismo, o atraso e a falta de democracia e corrupción, cuxo líder foi Joaquín Costa. Estas serán as causas da fin do sistema, xunto coas futuras derrotas contra as cábilas riofeñas de Abd el-krim na Guerra de Marrocos.

En 1906 unha revista nacionalista catalana chamada Cu-Cut, publica sátiras sobre o fracaso de Cuba. Uns militares dánlles unha paliza aos redactores e en lugar de ser castigados se lle concede ao exército a lei de xurisdicións. Esta é a potestade de xulgar civís por ir en contra de España ou do exército. Deste modo, o poder militar impúxose ao civil.

Antonio Maura, político conservador, é nomeado presidente en 1907. Nun intento de mellorar o sufraxio facendo como el afirmaba unha revolución desde arriba apatra evitar unha desde abaixo elabora o artigo 29. Este establecía que se soamente se presenta un candidato ás eleccións, non é necesario votar. O efecto que tivo foi o contrario ao buscado, pois facilitou aínda máis o labor dos caciques e o fraude electoral. Ademais, grazas á Conferencia de Berlín, España queda coa cordilleira do Rif. Alí, surxe un movemento liderado por Abd el-Krim, de independencia fronte a España, e comeza o enfrontamento contra as chamadas cábilas rifteñas. Para facer efectivo o seu dominio, os gobernos foron enviando tropas a Melilla e Ceuta, dende onde avanzaban cara ao interior.

En 1909 o exército español sufriu unha grave derrota no barranco do Lobo. O goberno de Maura e as clases dominantes consideraron que os ataques ameazaban o prestixio internacional de España, aínda que o que realmente estaba en xogo eran os intereses capitalistas, principalmente das compañías mineiras. Para facer fronte a estes ataques,

14. A crise da Restauración e da Quenda.

decretouse a mobilización dos reservistas. Esta medida foi fortemente rexeitada polas masas populares, pois ao marcharen os homes se resentía a economía familiar, por suposto existía un efecto emocional nas súas familias e ademais pola redención de quintas (establecida por Mendizábal durante a rexencia de María Cristina), as clases altas non eran mobilizadas. O movemento obreiro, nacionalistas periféricos e os republicanos estaban en contra, polo que se produciu unha folga xeral en Barcelona, coñecida como a Semana Tráxica. Durante as protestas tiveron lugar accións de carácter anticlericalista, en protesta do apoio da Igrexa aos grupos poderosos. A revolta tivo unha forte represión (fusilamentos de Montjuic), sendo asasinado Ferrer Guardia, xa que era unha figura problemática para o réxime. Foi un dos pais da escola moderna en España, que introduciu o método científico e o espírito crítico no ensino. Outra consecuencia disto foi o nacemento da CNT en 1910 e a formación da coalición republicano-socialista que colocando a Pablo Iglesias no parlamento, primeiro deputado externo ao sistema da quenda.

Maura e substituído polo liberal Canalejas en 1910. Este propuxo unha serie de reformas *ad hoc* para ampliar a base social do sistema da Restauración. A lei de recrutamento elimina a redención de quintas. Pero a cambio, establece os soldados de cota, significando que se pagabas podías facer o servizo militar en España e non en Marrocos. Tamén aproba a lei de ordes relixiosas ou lei do cadeado, pola que se prohíbe a implantación de novas ordes relixiosas. É un guiño ó anticlericalismo. Finalmente propón a lei de mancomunidades, que consiste na concesión dunha reducida autonomía rexional co obxectivo de canalizar as reivindicacións rexionalistas. Pero esta medida non é aprobada. Pese a todo, as reformas non teñen moito efecto.

Toda esta situación de crise se acelera cando en 1914 comeza a primeira guerra mundial. España, baixo a presidencia do conservador Eduardo Dato, declárase neutral. Pese a esto xorden dos bandos, os aliadófilos, a favor dos aliados (maioritariamente os liberais e os republicanos) e os xermanófilos, que defendían ás potencias centrais (principalmente os conservadores). O movemento obreiro estaba en contra da guerra por considerala unha guerra imperialista. Isto provocou rencillas entre os turnistas. Debido á guerra, España aumenta as súas exportacións a Francia, pero aumentan tamén os prezos dos produtos xa que os franceses pagaban máis que o pobo español. Isto causa unha grande inflación nos produtos básicos, que levará ao empobrecemento das clases populares.

En 1917 prodúcese tres grandes crises en España. Os sindicatos (UXT e CNT) convocan unha folga xeral revolucionaria para acabar co turnismo e a corrupción, instigados pola grave crise económica causada pola primeira guerra mundial. Ademais, está inspirada pola revolución rusa de febreiro. A folga fracasa e a represión política é moi grave, polo que morre moita xente. A segunda crise ten lugar no seno do exército (Xuntas de Defensa). Todo o peso da guerra de Marrocos era levado pola infantaría. Xorden dous grupos: os africanistas, que defenden a ascensión por méritos de guerra e os peninsulares que defenden os ascensos por antigüidade. Os africanistas volveranse no futuro a parte conservadora do exército, e os que se levanten contra a república en favor de Franco. Finalmente, a crise dos parlamentarios. Foi un intento dos nacionalistas cataláns de formar un parlamento independente en Cataluña, pero non tiveron éxito.

A inestabilidade e o descontento social a raíz da grave situación provocará a desaparición dos turnos. No seu lugar establécense os gobernos de concentración (1917-1923). Constisten nun aglutinamento de ambos partidos. Se denominarán conservadores se a maioría dos ministros que os conforman son conservadores, e liberais se a maioría dos ministros son liberais.

En 1918 comeza un período de gran convulsión social coñecido como o trienio bolchevique que se estende ata 1921. Hai un aumento da conflitividade obreira, tras a revolución rusa de outubro. Os xornaleiros realizaron revoltas campesiñas en Andalucía e Extremadura e os

14. A crise da Restauración e da Quenda.

atentados anarquistas seguiron sendo frecuentes e alcanzaron tanto as autoridades do Estado (Eduardo Dato), coma a empresarios ou eclesiásticos.

En 1921, ante a falta de progreso na loita coas cábilas rifeñas, o xeneral Silvestre realizou unha manobra arriscada. Planeou un ataque en pinza para dividir ó inimigo, pero non asegurou a retagarda. As tropas de Silvestre quedaron asediadas nas montañas e as cábilas, lideradas por Abd el-Krim, matan a todos os soldados (máis de 10000), deixando só vivos a oito oficias que usarán como moeda de cambio. Este fracaso coñécese como o desastre Annual. Provocou un forte impacto na opinión pública e acentuou a impopularidade da guerra e do exército. Ante a esixencia de atopar culpables, ábrese unha comisión de investigación (Expediente Picasso). Investigan o comportamento dos militares e se difunde a sospeita de que detrás da acción de Silvestre estaba a intervención de Alfonso XIII. Para excusar ao rei de calquera responsabilidade, o militar Primo de Rivera da un golpe de Estado xunsto antes da lectura no parlamento do informe.

A razón coa que Primo de Rivera argumenta o seu golpe de estado é a crise na que estaba sumida España. Dende 1914, España atópase nunha grave crise económica. A primeira guerra mundial causara unha inflación nos produtos, que empobreceu ás clases máis baixas. Os movemento obreiro, o nacionalismo periférico e o anticlericalismo eran movementos cada vez máis estendidos, que eran a menudo asociados coo violencia, a causa dos atentados e revoltas. Dentro do conflito de Marrocos produciuse o desastre annual. Por enriba, aínda perduraba o descontento do estrepitoso fracaso español na crise de Cuba. Todo isto ameazaba o sentir conservados do exército.

En Galicia, destaca a revolta das pedradas en Ferrol en 1918. Ademais, proseguíu o incremento da actividade dos movementos rexionalistas (Irmandades da Fala).

Como conclusión podemos afirmar que o golpe de Estado de Primo de Rivera é unha resposta ditatorial ante a crise e a incapacidade do réxime de transformarse pola vía democrática.